

MOCIÓN DE AER SOBRE O REXISTRO DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS

PLENO 30 NOVEMBRO 2011. ACTA 21/2011

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vendo o establecido no *Regulamento de Participación Cidadá* sobre as **Asociacións Veciñais**, e tendo en conta aspectos como as **subvencións** a ditas asociacións, así como a súa participación no bo desenvolvemento dos **Consellos Parroquiais**, entendemos que é importante e urxente a reorganización e depuración do **Rexistro Municipal de Asociacións**.

No **Regulamento de Participación Cidadá** (no TÍTULO II, CAPÍTULO 2, Artigo 23, punto 4) establécense os datos que cada asociación debe aportar para estar inscrita no Rexistro Municipal:

- a) Estatutos.
- b) Núm. de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións ou noutro Rexistro Público.
- c) Nome das persoas que ocupen os cargos directivos.
- d) Domicilio social.
- e) Presuposto do ano en curso.
- f) Programa de actividades do ano en curso.
- g) Certificación do núm. de socios.

Sinalar que no mesmo artigo establécese que:

“As asociacións inscritas están obrigadas a notificaren ao Rexistro todas as modificacións dos seus datos dentro do seguinte mes ao que se produza”.

“O presuposto e o programa anual de actividades comunicarase no mes de xaneiro de cada ano”.

Na **Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela** (no seu TÍTULO I, artigo 5, punto 3) establécese que:

“ As entidades e colectivos cidadáns que soliciten as subvencións ás que se refire esta norma, ademais de carecer de ánimo de lucro, deberán cumprir os requisitos esixidos na correspondente convocatoria. Cando se trate de asociacións, deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Redondela.”

Ao establecido anteriormente debemos engadir que tamén é necesaria unha regulación dos representantes das asociacións nos Consellos Parroquiais.

Ademais, entendemos que cumpre facer este seguimento das asociacións de cara á súa participación cando se establezan os orzamentos destinados ás súas subvencións, para ue este proceso non se faga “ao chou”, senón que sexa en base a criterios claros e coñecidos, e que

publicamente saibamos a quen se lles conceden, socios, programa, presupostos, antecedentes das súas actuacións, etc.

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello o seguinte **ACORDO**:

Instar ao Goberno Local a:

- Actualizar o Rexistro Municipal de Asociacións, dándolle a ditas asociacións un prazo de dous meses para presentar a documentación básica que as identifique e permita contactar con elas. Permitirase un prazo de un mes máis para a presentación de estatutos actualizados e o programa de actuacións para o 2012.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, a Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER), acordou aprobar nos seus propios termos a moción transcrita.